



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS DENDE A VÍA PÚBLICA ÓS EDIFICIOS, LOCAIS E SOLARES E DAS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA E OUTRAS ACTIVIDADES EN INTERESE PARTICULAR

Artigo 1.-Fundamento e obxecto.

En uso das facultades concedidas polo artigo 4º da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o concello de Vimianzo establece a licenza municipal para a entrada de vehículos dende a vía pública ós edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular.

Artigo 2.- Procedemento de outorgamento de licenza municipal.

2.1.- As persoas interesadas en obter a licenza municipal deberán solicitala por medio de instancia segundo modelo oficial e á que se acompañará fotocopia do DNI do solicitante e un plano de situación do lugar obxecto da licenza e no que se sinale o espazo que solicita coas seguintes limitacións:

Entradas de vehículos a través de beirarrúas: mínimo 3 m/l. máximo 4 m/l.
Reservas de carácter temporal da vía pública: máximo 20 m/l.

2.2.- No caso de vado ou reserva para a entrada de vehículos en inmobles privados, soamente estarán lexitimados para solicitar licencias os donos de estes ou as persoas que sexan titulares dun dereito de uso sobre eles. Tamén poderán solicitala os promotores e constructores de obras ou rehabilitación dos citados inmobles.

2.3.- No caso de vado ou reserva de aparcamento teñen preferencia os donos ou titulares dun dereito de uso dos inmobles que teñan a súa fachada dando ó espazo da vía pública que é obxecto de solicitude

2.4.- A policía local e os servizos técnicos municipais informarán sobre a solicitude e, se o alcalde o xulga necesario, esta exporase a información pública durante dez días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da corporación.

A competencia para a resolución da solicitude correspóndelle ó alcalde ou, en caso de delegación, á Comisión de Goberno, e o seu outorgamento é discrecional.

Artigo 3.-Clases de reservas.

3.1.- As reservas poden ser de carácter permanente ou temporal.

As reservas de carácter temporal estarán limitadas ó horario laboral ou unha parte do mesmo.

Enténdese por horario laboral o que vai dende as 9,00 ás 14 horas e das 16,00 ás 21,00 horas, excepto os domingos e días festivos.

3.2.- Os xoves de 9,00 a 14,30 horas, por ser día de mercadillo, non será de aplicación a vixencia das reservas nas rúas afectadas (A. Vázquez Mouzo, Vilar, Evaristo Martelo,



Castelao, Candil e Curros Enríquez). De igual forma aplícase esta excepción os días das festas patronais de Vimianzo.

Artigo 4.- Vixencia da licencia municipal.

4.1.- A licencia enténdese concedida ata o 31 de outubro do ano en que se outorgue e a súa vixencia prorrógase tacitamente por anos naturais coa inclusión do interesado no censo anual correspondente.

4.2.- Este Concello poderá denegar expresamente a prórroga por razóns de interese público. Neste caso deberase notificar ó interesado o acordo de denegación de prórroga cun mes de antelación ó inicio do ano natural de que se trate.

4.3.- Se a licencia de reserva ten a súa orixe na realización de obras nun inmovible privado, a vixencia temporal da mesma cinguirase ó período de duración das citadas obras.

Artigo 5.- Denegación e suspensión da licencia municipal.

5.1.- Este Concello poderá denegar a licencia solicitada cando o seu outorgamento sexa contrario á normativa urbanística ou á de tráfico, circulación e seguridade vial ou cando comporte prexuízos para os intereses lexítimos dos usuarios da vía pública ou para o interese xeral.

5.2.- Sen mingua do que dispón o apartado anterior, a reserva para o aparcamento de vehículos na vía pública soamente se outorgará cando o interesado invoque un interese especial digno de protección.

5.3.- Este Concello poderá suspender a vixencia da licencia por razóns de interese xeral derivadas de necesidades do tráfico ou da realización de obras ou servizos públicos. A suspensión durará o tempo imprescindible para satisfacer os intereses xerais que a motivaron e non dará lugar á indemnización.

Artigo 6.- Revogación da licencia municipal.

6.1.- Este Concello poderá revocar a licencia municipal nos seguintes casos:

- a) Cando a reserva sexa utilizada para unha finalidade diferente á que motivou o seu outorgamento.
- b) Cando a persoa interesada non abone a taxa anual correspondente.
- c) Cando o vado ou a reserva que é obxecto da licencia careza de sinalización adecuada.
- d) Cando o beneficiario incumprise o deber de conservación do espazo reservado.
- e) Por incumprir reiteradamente os horarios concedidos na reserva.

6.2.- O acordo de revogación require dar audiencia previa á persoa interesada por un prazo de dez días para que poida alegar o que xulgue oportuno na defensa dos seus intereses.

Artigo 7.- Dereitos e deberes do titular da licencia municipal.

7.1.- O titular da licencia municipal ten dereito a usar a reserva para a finalidade solicitada e a requirir a axuda do Concello para protexer o seu uso.



7.2.- O titular da licencia está obrigado a manter en bo estado de conservación o espacio da vía pública obxecto da reserva e a reparar os danos que lle cause.

7.3.- As persoas titulares da licencia virán obrigadas a satisfacer a tata sinalada na Ordenanza Fiscal correspondente

Artigo 8.- Sinalización da reserva

Cando se conceda unha licencia de vado, o beneficiario colocará a sinalización correspondente na fachada ou construción de que se trate.

Esta sinalización farase coa placa, na que constará o número de licencia e o ano de outorgamento, será entregada polo Concello xunto coa licencia.

Cando se trate de reservas temporais sobre a vía pública, colocárase a correspondente sinalización, tanto horizontal como vertical e será por conta do beneficiario da licencia e coas características sinaladas polo Concello. Os bordes das beirarrúas nos lugares obxecto de reserva serán pintados de color amarelo.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro do ano 2000, unha vez que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 62.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases del Réxime Local.